

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 6 DE XUÑO DE 2023

Asistentes:

Presidente

Prada Rodríguez, Julio

Vicedecanos

Arribas Álvarez, M^a Carmen
Presedo Garazo, Antonio

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo

PDI

Barriocanal López, Yolanda
Comendador Rey, Beatriz
López Díaz, María
Pérez Losada, Fermín
Pérez Rodríguez, Fco. Javier
Vaquero Díaz, M^a Beatriz
Uña Álvarez, Elena de

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Estudantes

Domínguez Carrera, Lucía
González Jorge, David
Martiniá Álvarez, María

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

A reunión realizarase de xeito virtual por correo electrónico, coa participación dos membros que se citan á marxe o mércores 6 de xuño ás 10,00 h en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da Acta da xuntanza ordinaria do 17 de marzo de 2023.
2. Aprobación, se procede, dos seguintes procedementos validados na xuntanza da Comisión de Calidade celebrada o 31 de maio de 2023.
 - a. Informe de Revisión pola Dirección correspondente ao curso 2021-2022 (R1 DE-03 P1).
 - b. Política e Obxectivos de Calidade correspondentes ao curso 2022-2023.
 - c. Panel de indicadores da Facultade de Historia e das súas titulacións (R1 DE-02 P2).
 - d. procedemento relativo á Información Pública e Rendemento de Contas para o curso 2022-2023 (R1 DO-0301 P1).
 - e. Plan de Acción Titorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo da Facultade de Historia para o curso 2023/2024 (R1 DO-0203 P1).
3. Cambio de hora do exame da materia Historia de América Precolombina e Colonial (1º Grao), previsto para as 10 horas do día 30 de xuño e que pasaría ás 12 horas do mesmo día, xa que coincidía con exames doutras materias.

A xuntanza realizase de xeito virtual por medio de correo electrónico dirixido a sfho@uvigo.es de acordo co seguinte procedemento: Os membros da Xunta de Facultade disporán dun máximo de dúas horas (entre as 12:00 e as 14:00 horas do día 26 de outubro de 2022) para pronunciarse sobre os catro puntos da orde do día.

- a) Se o voto é favorable ás propostas contidas na orde do día, bastará con que se faga constar esta circunstancia no correo electrónico dunha forma clara (p. e. "voto FAVORABLEMENTE a totalidade das propostas contidas na orde do día").
- b) Se o voto é desfavorable (ou hai votos en branco), deberase concretar con precisión o sentido do voto con relación a cada un dos apartados.
- c) O voto só pode ser favorable, desfavorable ou en branco.

Tralo peche do período para a votación se informará aos membros



Rematado o prazo de votación da Xunta de Facultade, emitiron o seu voto 15 membros da citada Xunta e todos os votos foron favorables ás propostas recollidas nos puntos da orde do día.

Remata a sesión ás 12,00 h do día 6 de outubro de 2023, da que eu como secretario dou fe co visto e prace do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro